

Common Wolves



CERVEXA



.. **INDICE** ..

FICHA TÉCNICA.....p.1

O PROXECTO.....p.2



O GRUPO.....p.4


A CANCIÓN.....p.5

VALORESp.7

CARTA DO DIRECTORp.8

CARTA DO PRODUTOR.....p.9





Título: "Cervexa"


Duración: 3:00 aproximadamente

Xénero: Musical

Formato: Videoclip



Target: Xente xove de entre 16 e 38 años a quen lle poida interesar a música do grupo, o metal, o folk ou a música en xeneral.



Sinopsis: Ambientado na Gallaecia celta (aproximadamente século II a.C.). Uns homes se preparan para celebrar unha festa pola noite no castro. Mentras tanto nun bosque cercano o grupo Crying Wolves está tocando unha canción adicada á cervexa.





"Cervexa é un videoclip do grupo Compostelá Crying Wolves, neste proxecto relátase un día nun castro celta que remata nunha festa cervexeira"

O proxecto será levado a cabo pola Escola de Imaxe e Son de Vigo, que xa realizou outras gravacións desde tipo, e co apoio do concello de A Guarda nos días 18 a 21 de Decembro, este concello apóiannos xa que nel está unha das localizacións onde se desenvolverá este videoclip que se ambientará no século II a.C. A historia é a seguinte:


Tres homes xúntanse para realizar as tarefas diarias do castro, a medida que avanza o día van recollendo leña, cazando e apilando barrís de cervexa para preparar unha zona do castro para celebrar unha festa. Cando chega a noite a festa non parece estar animada, comen, beben un pouco e falan, pero cando o grupo chega comeza a armar gresca e animan a xente a beber e divertirse, loitan, bailan e pasan un bo tempo disfrutando de boa cervexa, ao final da noite todos dormen tranquilamente polo castro adiante.


Para este proxecto escolléronse dúas localizacións, unha delas é un dos montes que rodean a cidade de Vigo, algo moi xenérico pero aínda así característico galego, e unha localización que é a clave para que todo sexa perfecto, o castro de Santa Tegra (A Guarda) que é patrimonio histórico e cultural e que é perfecto para amosar o pasado celta de Galicia, por iso contamos co apoio do concello de A Guarda.

Levamos traballando nisto dende hai xa dous meses pero a idea leva aí dende hai moito máis. Estamos poñendo todo o noso empeño para que este proxecto saía adiante coa mellor calidade posible, contamos con un bo equipo tanto técnico coma humano que neses catro días adicaránse unicamente a que todo saía perfecto.


Levar a cabo esta idea tiña unha complicación grande que era a ambientación histórica, pero todo iso solucionouse coa colaboración da asociación de recreación histórica Tir Na n'Og, que colabora co concello de Lugo na organización do Arde Lvcus, co apoio de diversas persoas que teñen como afección a recreación histórica e do propio grupo que fixo parte do vestiario para o proxecto e aporta o atrezzo.

Cando o videoclip estea rematado daráselle a maior promoción posible tanto a nivel galego, coma nacional e inclusive internacional (xa que o grupo conta coa axuda de páxinas de promoción do folk metal a nivel Europeo como Sword Chant ou Skaldic Promotions). Para iso a parte de subirse as canles de internet da escola e do grupo e promocionalo por todas as redes sociais, farase un concerto de estreo no que se proxectará o videoclip e mandarase a festivais e concursos a nivel nacional. Tamén existe a posibilidade de que se proxecte en distintas canles de televisión de Galicia.






Crying Wolves naceu como grupo en Febreiro de 2011, o seu estilo, o folk-metal, é algo pouco común en España pero que está empezando a darse a coñecer xa que é un estilo bastante recente, trátase de mezclar a música folk propia da zona con ritmos máis pesados de rock e metal.





Ten unha posta en escea espectacular que fai que as súas actuacións non sexan un simple concerto senón un show, roupa e pinturas celtas, barriles, plantas, ósos de animais... e sobretodo moita festa, cervexa e movemento.

As súas cancións tratan sobre a natureza, a historia e as festas de Galicia e sobre alcohol xa que o que pretenden e dar a coñecer a nosa cultura fora das fronteiras de Galicia e da península.




A pesar do pouco tempo que levan xuntos, xa deron concertos por toda Galicia e hai pouco saíron a León onde despois da aceptación que tiveron están organizando unha xira por toda España (Madrid, Barcelona, Ciudad Real, Oviedo...) e parte de Portugal (Lisboa e O Porto) para a primaveira/verán do 2013. En Abril de 2012 tocaron cun dos mellores grupos de Folk Metal do mundo, Korpiklaani (Finlandia), comezando a coller importancia no panorama musical. E están en negociación coa produtora de espectáculos que soe traer a estes grupos para repetir actuación tocando con máis grupos importantes do panorama mundial. Actualmente atópanse no estudio para gravar o seu primeiro EP.






Cervexa é unha canción que nos relata a historia da cervexa, unha das bebidas máis antigas e populares do mundo, o grupo decidiu adicar esta canción á cervexa xa que son aficionados a esta bebida e é perfecta para o seu estilo. A súa letra é:




Hai milenios en certo val,
lonxe de aquí no oriente medio,
xurdiu a xenialidade,
desta brebaxe tan admirable.

Unha mezcla de auga e cebada.
Deixándose fermentar
Cervexa foi o seu nome
E un gran cambio conseguiu lograr.

Cervexa, cervexa, Hey! Hey!




Unha caña, un bock, unha pinta, unha xarra e veña
Rubia, vermella, tostada, especial e negra.
Sempre quero máis tráeme un barril de cervexa.
Cervexa, cervexa, Hey! Hey!



Os nosos antepasados
Un bo uso foron lle dar
Pola noite cando hai festa
Unha cervexa haste tomar

Celtas expertos cervexeiros
Os antergos temos que honrar
Agora mesmo non imos ser menos
pois alzade as birras imos a brindar!




Unha caña, un bock, unha pinta, unha xarra e veña
Rubia, vermella, tostada, especial e negra.
Sempre quero máis tráeme un barril de cervexa.
Cervexa, cervexa, Hey! Hey!

Unha caña, un bock, unha pinta, unha xarra e veña
Rubia, vermella, tostada, especial e negra.
Se pedimos máis quero todo un barril de cervexa.
Cervexa, cervexa, Hey! Hey!


Unha caña, un bock, unha pinta, unha xarra e veña
Rubia, vermella, tostada, especial e negra.
Sempre quero máis tráeme un barril de cervexa.
Cervexa, cervexa, Hey! Hey!

Lalalalala....


CERVEXA, CERVEXA, hey! hey!




Este videoclip conta con unha serie de valores claros polos que fáise un proxecto interesante:




- Un videoclip é un proxecto ao que é moi fácil darlle saída e que a xente o vexa.
- Está ambientado no século II a.C. , isto fai que sexa peculiar a nivel visual e distinto aos demais proxectos.
- A incorporación do Castro de Santa Tegra, sendo patrimonio histórico e cultural e un punto a favor.
- É un proxecto novedoso en España xa que non se fixo nada así antes.
- O estilo do grupo a pesar de que non é algo común polo de agora gustoulle a xente de todo tipo, xa que ao mezclar música tradicional con ritmos modernos faise moi escoitable.
- Ao grupo interésalle a máxima promoción e que a xente o vexa, co cal poñerá todo o seu empeño en que sexa visto por todas as persoas posibles e todo o mundo.
- O idioma non é ningún problema xa que a música e un idioma universal e neste caso consideramos que que o videoclip sexa en galego é un valor de produción.





“ Cando me presentaron o gui3n para dirixir este proxecto vin nel un alto potencial, xa que, polo menos a nivel nacional, este tipo de grupos de m3sica escasean nunca 3pca na que o heavy metal est3 en auxe e en constante crecemento, e, adem3s, nunca se fixo un videoclip de este estilo en territorio espa3o.

3 un proxecto que a nivel art3stico da moito xogo, xa que se ambienta nunha 3poca pasada, na que os celtas habitaban o que hoxe co3ecemos co nome de Galicia pero, adem3s, combinase coa modernidade da m3sica actual. Por outro lado, 3 un proxecto que amosa paisaxes incre3bles da xeograf3a galega debido a que temos o privilexio de poder grabar no castro de Santa Tegra en A Guarda, adem3s dunha zona monta3osa de Vigo.




Personamente, esf3rzome por da o m3ximo posible neste proxecto porque estou seguro de que o resultado ser3 incre3ble, adem3s, vexo que o resto do equipo t3cnico tam3n se est3 esforzando moit3simo e non dudaron en botar unha man no que sexa e en facer o posible para que o proxecto sa3a adiante. No equipo contamos con xente que xa participou anteriormente na grabaci3n de alg3n videoclip, polo que estou seguro de que cos nosos co3ecementos, esforzo, dedicaci3n e ilusi3n, este proxecto, que comezou como unha idea, se converta nun gran videoclip.

Un cordial sa3do,

Gonzalo Jes3s Rodr3guez Rodr3guez


Director do videoclip “Cervexa”





“Esta idea xa leva moito tempo rondando a miña cabeza, antes de chegar a escola e presentar o proxecto xa tiña claro o que quería, cabe decir para que se entenda mellor o por que, é porque sou tanto o batería como o líder do grupo Crying Wolves.

Dende que o grupo funciona so penso nunha cousa, e é chegar o máis lonxe posible con eles, quizás foi una das razóns pola que decidín estudar produción, e creo que foi unha boa elección, so que agora tamén quero chegar lonxe como produtor. Creo que ninguén pode plasmar mellor a esencia do grupo ca min e que os meus compañeiros, levamos moitos meses falando sobre como nos gustaría que fora o noso primeiro videoclip e agora faise realidade, pouco a pouco vamos cumprindo os nosos soños, como tocar na mellor sala de Galicia (a Capitol), tocar fora de Galicia, tocar co mellor grupo do noso estilo do mundo... realmente esto faime poñer máis empeño en facer que todo o relacionado co grupo saía perfecto porque todo é posible.



Este proxecto é unha novidade para España, é un estilo que está comenzando a surxir agora na península e agradanos ser un dos grupos que están surxindo con el. Visualmente é xenial, a ambientación dalle un toque moi especial e galego, as localizacións acompañano, e dende logo o tema escollido é perfecto, un proxecto que lle pode gustar a calqueira persoa, non lle ten especialmente porque gustar o metal ou o folk, daráselle saída por todo o mundo se é posible, xa que poñeremos todo o empeño posible para que así sexa. Realmente o resultado final será xenial”.

Brais Picón Iglesias
Director de produción do videoclip “Cervexa”
Mail:braixpi@gmail.com
Tlf: 682 37 53 02

